

O tarro das palabras



Pánfilo Cornelio Estrabón foi un explorador romano extraviado, inventor da lingua galega. Nacido no Lacio ao redor do 1000 a.C, Pánfilo converteuse nun dos primeiros homes en saír da súa terra para ver mundo e plasmar cada rexión nova que vía en mapas (poderíase considerar tamén o primeiro cartógrafo). Pánfilo estivo gran parte da súa vida viaxando polo que hoxe se coñece como Italia, Francia... até acabar na península de Bezoucos, un lugar completamente salvaxe e inexplorado, situado en terreo celta.

Por aquel entón, o Imperio Romano non era nin imperio nin romano, só unha poboación de pouco poder en vías de desenvolvemento. O mozo explorador (e cartógrafo) tiña na súa única cella a idea de recompilar o máximo número posible de sistemas de comunicación nun mesmo libro. Nesta península, Pánfilo dedicouse a recoller o dialecto celta que se falaba sen saber que acabaría dando con algo moito máis interesante.

Nunha das súas pequenas e matutinas exploracións por Bezoucos, Pánfilo atopou unha especie de cova nunha cala protexida e bastante íntima. Ao entrar, descubriu un templo a deuses que non coñecía, repleto de titánicas representacións dos mesmos. As estatuas de pedra facían un círculo ao redor dun altar, iluminado pola luz do sol que se coaba a través do único buraco que tiña a fría estancia. Colocado encima do altar, Pánfilo puido visualizar un obxecto divino, diría el, dun material nunca visto na face do mundo. Achegouse a esa area que gardaba unha forma completamente xeométrica e que contiña algo parecido a pequenos anacos de pergamiño. Cando quixo agarrar un puñado desa area, Pánfilo decatouse de que había unha especie de forza ancestral, divina, que llo impedía, coma se o tarro estivese rodeado por unha fileira de escudos de ferro invisibles. Despois dun tempo considerable tentando pescudar como abrir esa reliquia (e temendo a cólera dos deuses), Pánfilo logrou abrir o recipiente.

O que se lle desvelou ao explorador foi moito máis do que podería imaxinar. Todas as palabras que estaban escritas dentro do tarro transferíronse á súa mente: aprendeu o que hoxe se denomina galego da mismísima man duns deuses xa esquecidos. A fala chegou ó seu ser e encheuno. A partir dese instante, Pánfilo Cornelio Estrabón non volveu ser o mesmo. Pasou unha longa tempada nestas terras tan afastadas da futura Roma, ensinando aos seus habitantes o que aprendeu, mesturándoo á súa vez con termos da súa propia lingua, o latín.

Aquí, Pánfilo erixiu un pequeno monumento a eses deuses descoñecidos que lle outorgaron tal coñecemento. A súa figura acabou converténdose na dun sabio que deambulou durante anos e anos por toda Galicia, cumprindo a tarefa que os deuses lle asignaron: propagar o galego. Así, pódese dicir

O tarro das palabras

con fundamentos históricos e científicos que a comarca de Bezoucos é o lugar do nacemento do galego tal e como o coñecemos e grazas, sobre todo, ao que os ollos do lector ten diante.

Pablo Rañales, David Gil e Daniel Gañán. 1º BAC A